



Parlamento das Letras: Xabier P. DoCampo

Publicado o [06/06/2012](#)

O primeiro que un debe saber de Xabier P. DoCampo é que non é, primordialmente, un escritor, é, esencialmente, un narrador. O seu non é imaxinar ata que agrome a escrita dun relato; o seu é contar un sucedido, atrapar coa maxia oralizada dunha historia que, logo de cobrar animada vida no seu maxín, por veces, mesmo se ve verbalizada.

E agora que nos imos entendendo, cómpre non perder de ollo unha segunda vera verdade verdadeira: Xabier P. DoCampo é un mestre. Nada máis e nada menos. En toda a extensión da palabra. Porque non é quen quere, senón quen pode. E este veterano contador pode nada máis que o que quere.

E velaí o terceiro misterio revelado: por máis que o vexades procurando estraños entre os sinos, resolvendo intrigas que escachar coa chave das noces, fuxindo estarrecido polos petos nocturnos nas portas, ousando internarse nos pazos baleiros ou cartografando as cidades imaxinarias todas que no mundo son, non vos equivoquedes, non vos é máis que o levedo fermentado dun vello muiñeiro de pucha enfariñada, cabe do Lea, na patria única das historias arrequentadas tras do lume pola verba xangal dos parroquianos que, nas noites de brisca, pagan a peaxe dos contos a cambio dun goto co que matar a sede.

Daqueles óbolos da palabra fixo o seu tesouro o neno chairego que agora vos fala aquí. Convén escoitalo, que xa se sabe que os pícaros e os contadores canecos de luz din sempre o que é.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Eu adoito dicir que son escritor profesional desde os once ou doce anos. Naquel tempo, e estando eu nun internado de amarga memoria, dei en escribir cada día un conto do que facía dúas copias que, para o outro día, entregaba aos meus dous mellores amigos, Paco e Rafael. Tiña lectores que agardaban os meus escritos, daquela pódese dicir que era un escritor profesional.

Desde daquela creo que non deixei de escribir nunca. Por iso cando publiquei a miña primeira novela tiña outros dous libros practicamente rematados. Esa primeira novela foi *O misterio das badaladas*, que se publicou en 1986. Ofrecínlle ás catro editoras importantes que daquela había en Galicia e, tal e como lles dicía, deílla á primeira que ma pediu, que non era ningunha delas. Ao pouco tres delas pedíronme a novela, mais xa estaba en imprenta, a cuarta foi a que lla pasou á que a editou.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Aquí gustárame diferenciar con claridade crítica e lectores. Esa mesma primeira novela, en falando dos lectores e, o que é moi importante, o que despois se daría en chamar prescritores, foi un libro moi prescrito nos centros de ensino e moi lido polo público lector de entre dez e trece ou catorce anos. En cambio a primeira crítica que recibiu foi mala, pero moi poucos días despois recibiu outra moi laudatoria. Iso aprendeume a que en min deberan facer o mesmo efecto unhas que as outras.

Aínda que en quitado ese caso, no tocante á crítica, teño que dicir que sempre foi moi xenerosa comigo. *Cando petan na porta pola noite, Catro cartas, Bolboretas* ou *o Libro das viaxes imaxinarias* foron moi ben acollidos polos profesionais do xuízo crítico.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Non. O mesmo podo escribir á man que no computador; tanto me ten facelo nun caderno, e gusto moito dos cadernos, como tamén o podo facer en follas soltas (con frecuencia tomo notas en panos de papel de cafetaría). Éme igual a estilográfica ou os rotuladores de punta fina ou o lapis (bolígrafo case nunca). Case sempre escribo no mesmo sitio: nun cuarto para min que teño tanto na casa da Coruña coma na da Capela, pero podería facelo noutro sitio sen problema.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Home a min gustar, gustárame que algún conto meu puidese figurar ao pé dos de Cunqueiro ou Fole ou Dieste, pero iso sería un menosprezo para eles. Supoño que eu andarei por onde ande Agustín Fernández Paz, Paco Martín, Fina Casalderrey... É onde me corresponde, se non por méritos literarios, por cuestión xeracional.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Creo que, vista de xeito cronolóxico, na miña obra nótase con claridade como foi variando o meu concepto do que é ou debe ser a lix. Non sei se conseguín facer o que quixen: unha verdadeira literatura para calquera lector ou lectora máis aló da idade que teña. Esa foi a miña máis grande arela, pero iso funo sabendo con cada nova obra.

E xaora aí está sempre a pegada da oralidade, algo que me atrapou de neno e que xa non me deixou nunca. Pegada que eu vexo tamén presente nos máis grandes autores da literatura universal. Non só en Homero ou tamén *As mil e unha noites* ou tantas outras nas que esa presenza é evidente, refírome a obras e autores nos que está máis diluída, coma Melville, Conrad, García Márquez, Rulfo... e tantísimos que veñen confirmar que a oralidade é a singularidade inicial da narración.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Isto podo contestalo sen me parar a facer memoria: Cunqueiro. Todo o fixo ben: a novela, o conto, a poesía, o teatro, o artigo xornalístico. A calquera hora me presta lelo e sempre me dá algo novo que me alimenta literariamente dun xeito no que non hai outros que me nutran.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Estou seguro de que nada lle sobra. Non hai ningún libro no que non encontres algo, aínda que sexa pequena cousa, meritorio dabondo coma para indultalo da fogueira do desprezo. Escóitase ás veces dicir que se publica demasiado, non, nunca por moito pan é mal ano. Adiante con outro libro máis, adiante con outra persoa que pense: eu tamén teño algo que dicir, e a continuación diga, vouno contar. Despois será o lector o que sancione, o que vexa se ese libro novo lle di algo

novo de si mesmo, do lector, ou se só di do autor, porque entón dificilmente atraerá a alma de quen le o libro, por moi interesante que lle pareza ao autor todo aquilo que conta.

E que nos falta? Fáltanos país con ambición de selo. Xente que abra os ollos ao que somos e ao que temos e se recoñeza. Lectores e lectoras, persoas que anden á procura do nome dos seus sentimentos e saiban que a lectura está precisamente para iso, para nos axudar a poñer nome aos nosos sentimentos e, así, facelos vida. Porque a literatura, coma toda a arte, está aí para nos axudar a sermos o que somos e non outra cousa.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Creo que o fundamental do que quería dicir está dito. Por iso non me resulta estraño o pensamento de ir deixando de publicar. Aínda que ás veces tamén me vén á cabeza que debería completar e profundar máis nalgunhas das cousas que escribín. E no máis inmediato quereda poder rematar a novela na que traballo e para a que comecei a lle dar voltas e tomar notas hai xa dez anos.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Se entendemos como presente o que se anda a publicar nestes últimos anos, gozo moito ao comprobar que cada ano aparecen unha ou dúas obras de moi alta calidade. Sempre hai un poemario ou unha novela que che enchen o corazón de gozo e de esperanza. Cada ano hai algo que fai que acredites na inmortalidade da nosa literatura.